

LECTORES EXPERTOS

Palabras de auga.

Marcos Calveiro. Xerais.
Narra a aventura iniciática de Amadou, un rapaz suahili que pertence a un clan de nómades. Premio Xerais 2012

El clan de Atapuerca.

Álvaro Bermejo. Anaya.

Ao longo das catro últimas lúas, en canto os Ata achegábanse á chaira dos cabalos, o oso cavernario saía ruxindo de entre as rochas e cargaba contra eles. Os cabalos fuxían en estampida, non había xeito de alcanzalos. O xefe Karko tomara unha decisión: tiñan que acabar con el.


O brillo dos elefantes.

Fran Alonso. Xerais.
Un neno centroamericano vive nunha aldea de Matagalpa, coa súa nai e a avoa Mirta, nun fermoso país de lagos e volcáns. Na aldea onde viven a penas teñen para comer e unha guerra non declarada ameaza os campesiños.



O neno can.


Fina Casalderrey. Galaxia.
Neste libro trátase dos dereitos da infancia, da solidariedade e da xustiza.



Ciudad de Huérfanos.

Avi. Bambú

En 1893, as rúas de Nova York están cheas de vida e tamén de perigos. Se es un repartidor de xornais, como Maks Geless, de 13 anos, máis che vale ter coidado con Bruno, o líder dunha banda de rufianes con malas intencións.



Fantasmas de luz.

Agustín Fdez Paz. Xerais.
Desde hai trinta e cinco anos, Damián traballa como operador de cabina no mellor cine da cidade. Cando recibe a noticia de que a sala vai desaparecer e que todos os empregados serán despedidos, a súa vida experimenta un cambio extraordinario que tamén afecta a Marga, a súa dona.

